

# Poemas

SUSANA GONZÁLEZ

A M.B.

## I

O voo, a túa terra,  
setembro-outubro.  
A división, unha importancia inusitada.  
As rúas, semellantes ás miñas.

Comezou a loita solitaria:

A CIDADE SEN LUZ

## II

O gris  
saudoume cedo na mañá  
e berrou  
-outra lingua-  
o meu nome.

## III

O branco sería a cor  
onde falar das traducións  
-as nosas-  
e berrar o seu nome.

## IV

A CIDADE SEN LUZ  
as rúas,  
Mall, cheo, ao lonxe,  
Exchange office,  
O correo.

A CIDADE SEN LUZ,  
o gris,  
o berro,  
o nome,  
os nomes,  
a cidade,  
a luz,  
a ausencia,  
A CI-DA-DE  
SEN  
L-U-Z.